

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 24 de ABRIL de 2009**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que terá lugar o venres, día 24 de abril de 2009, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 3/09, do 27 de marzo.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 5.201 á nº 6.500 de 2009.

3.-Proposición da Presidencia sobre a renuncia ao cargo da deputada provincial, dona Pilar Farjas Abadía.

### **Cooperación e Asistencia aos Concellos**

4.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Solado pétreo campo parroquial”, do Concello de Oroso, incluída no Plan de cooperación provincial 2007 (PCP), código 07.3100.0181.

### **Economía, Facenda e Especial de Contas**

5.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Frades.

6.- Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Negreira.

7.-Dar conta da liquidación do orzamento do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2008.

8.-Dar conta das contas anuais (ano 2008) da FAEPAC.

9.-Convenio co Fogar español de Montevideo (Uruguai), para o financiamento dos servizos prestados aos usuarios do Fogar de acollida en 2009.

10.-Modificación da base 48ª das de execución do Orzamento Provincial do exercicio 2009 referida ás subvencións nominativas.

11.-Modificación da Ordenanza fiscal nº 2 “Reguladora da taxa por servizo de publicacións do Boletín Oficial da Provincia”.

### **Promoción Económica, Emprego e Turismo**

12.-Aprobación de modificacións do cadro de actuacións da 1ª, 2ª, 3ª anualidade e

aprobación do uso de baixas económicas na adxudicación por concurso de actuacións da 4ª anualidade do PDT de Portodemouros.

13.-Aprobación da 1ª fase da anualidade 2009 do Programa de mellora da calidade turística da zona do Eume.

### **Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento**

14.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Acondicionamento da rúa Tío Paz e da Rúa Canido” do Concello de Malpica, incluída no Plan de investimentos locais 2005. Código 05.3200.0118.0.

15.-Aprobación definitiva do expediente de cesión do local comercial situado na rúa Matadoiro, 68, do Concello da Coruña para a creación dun espazo dirixido á mocidade e a entidades de acción voluntaria e solidaria.

16.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para a cesión de uso de espazos do antigo colexio A Milagrosa á Universidade da Coruña para impartir os estudos universitarios de Relacións Laborais.

17.-Aprobación definitiva do expediente de desafectación da parcela 101-A do Polígono Industrial de Sabón-Arteixo e aprobación inicial do expediente de cesión de uso da parcela 101-A do Polígono de Sabón ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (Xunta de Galicia), para ser destinada a Galescola.

### **Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais**

18.-Aprobación do proxecto reformado da travesía na D.P. 7803 Santiago a Figueiras PQ 3,52 ao 4,00, Santiago de Compostela.

19.-Aprobación provisional do Plan de travesías 2009 1ª fase: dotación de beirarrúas en Requeixo na EP 1909 Carballo a Caión (Carballo).

20.-Aprobación provisional do Plan de travesías 2009 1ª fase, sétima relación: mellora da seguridade viaria na EP 1104 de Boiro á Ponte de San Francisco P.K. 7,050 ao P.K. 8,500. Boiro (081130018.0).

21.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2009, terceira fase: mellora da intersección na D.P. 3608 P.K. 2+300 Balón (Ferrol).

22.-Aprobación inicial do Plan de travesías 2009, 2ª fase.

23.-Aprobación inicial do expediente de alteración do cambio de cualificación xurídica de parte da superficie das parcelas 2, 4, 6, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 15A, 17, 19, 19A, 21, 26 e 27 do plano parcelario da expropiación dos bens e dereitos necesarios para a

execución das obras incluídas no proxecto ampliación e mellora do trazado da EP 3606 de Cobas a San Xurxo (0511100008.0) así como parte da plataforma existente.

24.-Aprobación do proxecto reformado de ampliación e mellora de trazado da EP 1004 do PK 0,00 ao PK 6,00 de Lanzá a Boimorto, Boimorto e Mesía.

25.-Aprobación do proxecto reformado de ampliación e mellora de trazado da EP 3606 de Cobas a San Xurxo, Ferrol.

26.-Aprobación do proxecto reformado de ampliación e mellora de trazado da EP 5602, do PK 0 ao PK 6,360, Negreira á Ponte Nafonso, Negreira.

27.-Aprobación da desafectación e permuta dunha parcela sobrante na EP 1405.

ACTUACIÓN DE CONTROL  
MOCIÓNS  
ROGOS E PREGUNTAS

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### DA CORUÑA

#### SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 24 DE ABRIL DE 2009

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, o día 24 de abril de 2009, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

#### CONCORRENTES

#### PRESIDE EN AUSENCIA DO TITULAR O ILMO. SR.:

DON PABLO VILLAMAR DÍAZ BNG

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ ANTONIO BAAMONDE LÓPEZ	PP
DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ	PP
DOÑA CARMEN BORBUJO MARTÍNEZ	PP
DON XOÁN MANUEL CABO PÉREZ	BNG
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON ADOLFO GACIO VÁZQUEZ	PP
DOÑA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON RICARDO GARCÍA-BORREGÓN MILLÁN	PP
DONA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
DOÑA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ	BNG
DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA	PSOE
DON JOSÉ MANUEL REY VARELA	PP
DON XOÁN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP
DOÑA SILVIA SEIXAS NAIÁ	BNG
DOÑA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE

DONA ÁNGELES VÁZQUEZ MEJUTO	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE

Escúsanse o Sr. Fernández Moreda, a Sra. Farjas Abadía e o Sr. Rama Seoane.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e sete minutos, o Sr. secretario le a Resolución da Presidencia en funcións con data do 24 de abril de 2009, pola que asume as funcións de presidente por doenza do presidente titular, impeditiva do exercicio normal do seu cargo.

A seguir le unha comunicación do reitor da Universidade de Santiago de Compostela, don Senén Barro Ameneiro, ao presidente da Deputación que di o seguinte:

“Compráceme comunicarlle que a Universidade de Santiago de Compostela, por acordo do seu Consello de Goberno en sesión do día 25 de marzo de 2009, outorgou a Medalla de Ouro da Universidade, instituída como máxima distinción para facer patente o recoñecemento da Universidade de Santiago de Compostela pola súa extraordinaria contribución ao sostemento e cumprimentos dos fins da institución, á Excelentísima Deputación Provincial da Coruña.”

Sr. presidente

En todo caso sobre a ausencia do presidente, don Salvador Fernández Moreda, direi que foi unha intervención repentina, leve, de carácter leve, pero que si lle impide presidir esta Corporación. En todo caso desexarlle que se recupere canto antes, supoño que é o desexo de todos, e máis nada, podemos iniciar xa a sesión do Pleno.

A continuación o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

### **1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 3/09, DO 27 DE MARZO.**

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 3/09, do 27 de marzo.

## **2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 5.201 Á Nº 6.500 DE 2009.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia da nº 5.201 á nº 6.500, de 2009.

## **3.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE A RENUNCIA AO CARGO DA DEPUTADA PROVINCIAL, DONA PILAR FARJAS ABADÍA.**

### INTERVENCIONS

#### Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, Sras. e Sres. deputados. A nosa compañeira deputada, Pilar Farjas Abadía tiña intención de estar hoxe aquí, quería estar hoxe aquí para despedirse desta Cámara, do presidente, ao que o Grupo Popular desexa un rápido restablecemento e que estea de novo connosco, do vicepresidente e dos voceiros dos grupos e de todos os deputados, por suposto.

Non foi posible, chamounos hai pouco tempo e díxonos que lle era imposible, que o deixaría para outro día, pero que quería estar de novo aquí para despedirse do secretario, do interventor e da oficiala maior. Máis nada.

#### Sr. presidente

En todo caso, e creo que falo en nome de todos os deputados e deputadas, darlle as felicitacións, os parabéns á Sra. Pilar Farjas, desexarlle a máxima sorte posible no desempeño do seu cargo, é un tema de sanidade, un dos temas fundamentais, que vaia ben, e se lle vai ben a ela vains ir ben supoño que a todos. Máis nada.

(Abandona o salón o Sr. García Gorostizu).

### ACORDO

- 1.-Tomar coñecemento da renuncia presentada ao seu cargo pola deputada provincial dona María del Pilar Farjas Abadía.
- 2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.
- 3.-Poñer en coñecemento da Administración electoral a vacante existente, para os efectos da substitución disposta no artigo 208 da Lei 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

**4.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “SOLADO PÉTREO CAMPO PARROQUIAL”, DO CONCELLO DE OROSO, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL 2007 (PCP), CÓDIGO 07.3100.0181.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar a modificación do proxecto da obra "Solado pétreo campo parroquial" do Concello de Oroso, incluída no Plan de cooperación provincial (PCP) 2007, (código: 07.3100.0181.0), que non representa variación no seu orzamento total nin cambia o seu obxecto nin a súa finalidade pero implica unha alteración interna nas súas partidas superior ao 30% do orzamento total da obra.

<u>Código</u>	<u>Conce llo</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación f.p.</u>	<u>TOTAL</u>
07.3100.0181.0	Oroso	<i>Solado pétreo campo parroquial</i>	48.018,08	48.018,08

A aprobación definitiva deste proxecto reformado queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 1/2009 que aprobou o Pleno desta Corporación na sesión do 27/03/09 e que neste momento está en fase de exposición pública.”

**5.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE FRADES.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria durante 10 anos máis, é dicir, ata o 1 de xaneiro do ano 2022 acordada polo Concello de Frades.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

**6.- ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE NEGREIRA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:



“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria durante 10 anos máis, a partir do remate do período actual de delegación , que é o do 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Negreira.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### **7.-DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA DO EXERCICIO 2008.**

Dáse conta ao Pleno a liquidación do orzamento do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2008.

#### **8.-DAR CONTA DAS CONTAS ANUAIS (ANO 2008) DA FAEPAC.**

Dáse conta ao Pleno das contas anuais (ano 2008) da FAEPAC.

#### **9.-CONVENIO CO FOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO (URUGUAI), PARA O FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS PRESTADOS AOS USUARIOS DO FOGAR DE ACOLLIDA EN 2009.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1º.- Aprobar o texto do seguinte convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Fogar español de Montevideo (*Uruguai*) para o financiamento dos servizos prestados aos usuarios do Fogar de acollida en 2009

#### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O HOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO (URUGUAI) PARA O FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS PRESTADOS AOS USUARIOS DO FOGAR DE ACOLLIDA EN 2009**

Montevideo, ..... de ..... de dous mil nove

REUNIDOS

Dunha parte D. Salvador Fernández Moreda, que intervén neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. José Luis Peña Fernández, que intervén neste acto en nome e representación do *Hogar Español de Montevideo*, cuxo domicilio social está na Avda. de las Instrucciones 981, Montevideo (Uruguai), actuando na súa calidade de presidente e conforme coas competencias que ten atribuídas de acordo cos seus estatutos.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

## EXPOÑEN

A Deputación da Coruña é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

O *Hogar Español de Montevideo*, en adiante, a beneficiaria, é unha institución privada sen fins de lucro, constituída para atender os anciáns e desamparados de orixe español, con carácter temporal (no seu fogar de día) ou en réxime de residencia permanente. Entre os seus fins está asilar os anciáns impossibilitados para o traballo e carentes de medios de subsistencia e parentes que poidan mantelos; resolver os problemas da ancianidade entre os españois nativos, especialmente os de orixe galego, prestando os servizos necesarios que requira a súa atención.

As asociacións de comunidades galegas no exterior son, en moitos casos, o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe. A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias se encontran afastados da súa terra.

A problemática situación económica e social pola que están atravesando a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitas das entidades sociais constituídas polos cidadáns e cidadás galegos/as estean vivindo unha insostible situación de precariedade económica e asistencial.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a sobrevivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior, acordan a sinatura do presente convenio de colaboración, suxeito ás seguintes cláusulas:

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o *Hogar Español de Montevideo*, para o financiamento dos servizos prestados aos usuarios do fogar de acollida no período 1.02.2009 ata o 31.12.2009, tales como comunicacións, enerxía eléctrica, consumo de auga potable e planta potabilizadora, consumo de gas para a cocíña, calefacción, servizo de vixilancia, útiles de limpeza e nómina do persoal de mantemento.

### SEGUNDA: ORZAMENTO

O orzamento dos gastos aludidos no apartado anterior ascende a un 160.000,00 €, segundo o detalle que se incorpora como anexo.

### TERCEIRA. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A deputación comprométese a colaborar no financiamento dos servizos prestados aos usuarios do fogar de acollida cunha achega máxima de 45.000 euros, sobre un orzamento de 160.000,00 euros, o que equivale a un coeficiente de financiamento do 28,125 %.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a deputación só achegará o importe que represente o 28,125 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0104/463C/48901, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente, sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado. En caso de que pola concorrencia doutras axudas ou subvencións se supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial.

### CUARTA. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

A entidade beneficiaria comprométese a dar difusión e deixar constancia do financiamento provincial.

## QUINTA. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

O *Hogar Español de Montevideo* comprométese, de conformidade co disposto no artº 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, con carácter previo á contratación dos servizos de asistencia previstos, se o seu importe supera 12.000 euros, ou do custo por execución de obra, se excede de 30.000 euros, a solicitar, polo menos, un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, elixindo de entre as recibidas a que resulte máis axeitada conforme a criterios de eficiencia e economía, e debendo xustificarse a elección cando esta non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

## SEXTA. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. A achega da deputación materializarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola beneficiaria, despois da presentación previa da seguinte conta xustificativa dos gastos e na porcentaxe de financiamento establecido (28,125 %), sen que en ningún caso os pagos totais poidan exceder do importe máximo da axuda concedida (45.000 €):

A. Informe xeral suscrito polo representante do *Hogar Español de Montevideo*, relativo ás actividades realizadas e aos servizos prestados no período 1.02.2009 a 31.12.2009, aludindo ao cumprimento dos obxectivos da subvención.

B. Factura/s orixinais dos servizos e/ou subministracións recibidas, así como doutros gastos relacionados coa execución do obxecto do convenio (que unha vez dilixenciadas pola deputación poderán ser devoltas á beneficiaria).

C. Acreditación da aprobación da factura/s presentadas polo órgano competente da entidade beneficiaria.

D. Declaración doutras axudas recibidas co mesmo obxecto.

2. Con carácter previo aos pagamentos que se realicen, a entidade beneficiaria deberá acreditar que está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, conforme se establece na cláusula VIII, salvo que, por non ter actividades en España, non sexa preciso tal acreditación.

3. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta as datas de realización dos gastos ou a de remisión da documentación xustificativa. Todos os pagamentos que realice a deputación serán en moeda euro.

4. Os pagamentos que se realicen terán que ser informados polo Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea e polo Servizo de Fiscalización, e deles darase traslado ao Servizo de Patrimonio e Contratación para coñecemento e constancia no citado departamento.

## SÉTIMA. PRAZO DE REALIZACIÓN DOS GASTOS PARA A SÚA XUSTIFICACIÓN

1. As actividades obxecto de financiamento provincial deberán estar finalizadas no período 1.02.2009 a 31.12.2009, e unha vez finalizadas a beneficiaria deberá presentar a xustificación final antes do 30.09.2010.

2. De conformidade co disposto no artigo 70,3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se reciba ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención, sen prexuízo das responsabilidades correspondentes. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que poida corresponder, conforme coa lexislación aplicable.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira que a beneficiaria indique. Se transcorren máis de catro meses dende a presentación da correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se perciba o importe correspondente, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga o pagamento.

## OITAVA. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. Con carácter previo á sinatura do presente convenio, e igualmente con carácter previo á realización dos pagamentos que procedan, a entidade beneficiaria deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Deputación Provincial da Coruña, así como coa Seguridade Social, salvo que, por non ter actividades en España, non sexa preciso tal acreditación.

A acreditación do cumprimento das citadas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á deputación para que obteña a dita información telematicamente. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación da Coruña determinaraas, de oficio, esta.

## NOVENA. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir o control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencias bancarias, tarxetas de débito ou crédito, cheques nominativos ou calquera outro medio que permita deixar constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente poderán realizarse pagamentos en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais poidan impoñer, a entidade beneficiaria deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## DÉCIMA. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.
2. Así mesmo, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## UNDÉCIMA. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, de 21 de xullo), con audiencia do interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións previstas nas normas citadas na Base 54ª das de execución do orzamento da deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de execución do orzamento da deputación, o retraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; si o retraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €.
4. Se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

## DUODÉCIMA. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento co disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o dito na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es).
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

#### DÉCIMO TERCEIRA. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura e estará vixente ata o día 31 de decembro de 2010.
2. Por solicitude da entidade beneficiaria, realizada, polo menos, cun mes de antelación á citada data, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas partes, tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes previos e preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención de Fondos da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas partes, por causa debidamente xustificada e despois dos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### DÉCIMO CUARTA. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderanlle ao presidente da deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención de Fondos Provincial.
3. Correspóndelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da citada xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución da Presidencia núm. ...., do .... de ..... de 2009.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio por exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no seu encabezamento

O presidente da Deputación da Coruña

O presidente do Hogar Español de Montevideo

D. Salvador Fernández Moreda

D. José Luís Peña Fernández

#### ANEXO

Comunicacións	4.500,00
Enerxía eléctrica	32.000,00
Consumo auga	2.000,00
Potabilización auga	6.200,00
Gas para a cociña	9.000,00
Gas e Fuel Oil para calefacción combinada	61.200,00
Servizo de vixilancia	15.200,00
Útiles de limpeza	13.600,00
Persoal mantemento	16.300,00
<b>TOTAL</b>	<b>160.000,00</b>

2º.- Facultar ao presidente para a sinatura do convenio e para os actos que requiran a súa execución.”

## 10.-MODIFICACIÓN DA BASE 48ª DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PROVINCIAL DO EXERCICIO 2009 REFERIDA ÁS SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1º.- Modificación da Base 48ª de execución do orzamento provincial.

1º- Incluir a subvención nominativa que se enumera a continuación ás recollidas na Base 48ª do orzamento provincial do exercicio 2009, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2. da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e nos artigos 65 a 67 do regulamento da lei xeral de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006 do 21 de xuño.

PARTIDA	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	ORZAMENTO SUBVENCIONADO	% COEF. FINANº
0104/463C/489.01	Fogar español de Montevideo	Colaborar no financiamento dos servizos prestados aos usuarios do fogar de acollida no período 01.02.2009 ata o 31.12.2009	45.000,00	160.000,00	28,13
<b>TOTAL</b>			<b>45.000,00</b>		

2º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularan reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.”

## **11.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 2 “REGULADORA DA TAXA POR SERVIZO DE PUBLICACIÓNS DO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA”.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Esta Comisión adoptou o seguinte acordo, unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Proposta-memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da Ordenanza fiscal nº 2, reguladora da taxa por servizo de publicacións do Boletín Oficial da Provincia.
- Informe da Sección de Recursos Propios, que conforma o xefe do Servizo de Xestión Tributaria.
- Texto coa proposta da modificación da Ordenanza fiscal núm. 2 co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe técnico que incorpora os estudos económico-financeiros da avaliación de custos art. 25 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención Provincial.

**1º.-** Aprobar a modificación da *Ordenanza fiscal nº 2* “Reguladora da taxa polo servizo de publicacións do Boletín Oficial da Provincia”, artigos 5 e 7 de acordo co texto que se recolle a continuación:

### ***Artigo 5. - Beneficios fiscais***

*1. - De acordo co disposto no artigo 9 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.*

*2. - De conformidade co disposto no artigo 11 da Lei 5/2002, do 4 de abril, reguladora dos Boletíns Oficiais das Provincias, están exentos do pagamento da taxa pola prestación do servizo de inserción, os seguintes anuncios:*

*a) A publicación de disposicións e as resolucións de inserción obrigatoria.*

*b) Os anuncios oficiais, calquera que sexa o solicitante da inserción, cando a publicación resulte obrigatoria, de acordo cunha norma legal ou regulamentaria, así como os edictos e anuncios de xulgados e tribunais cando a inserción sexa ordenada de oficio.*

*3. - Exceptúanse da exención a que se refire o apartado anterior as seguintes publicacións:*

- a) *Os anuncios urxentes publicados a instancia dos particulares.*
- b) *Os anuncios urxentes de licitacións de todo tipo de contratos, de acordo co establecido na súa lexislación específica.*
- c) *Os anuncios urxentes oficiais da administración de xustiza a instancia de particulares.*
- d) *Os anuncios urxentes cuxo custo lles sexa repercutible aos interesados segundo as disposicións aplicables.*
- e) *Os anuncios urxentes das administracións públicas derivados de procedementos suxeitos ao pagamento dunha taxa, prezo público ou outros tipos de dereitos económicos.*
- f) *Os anuncios urxentes das administracións públicas que poidan reportar, directa ou indirectamente, un beneficio económico á administración pública remitente ou solicitante, ou tivesen contido económico.*

*Non se considerará, para estes efectos, que reporta un beneficio económico ou que teña contido económico as citacións para ser notificados por comparecencia nos procedementos de recadación dos diferentes tributos ou exaccións parafiscais, nos casos en que, intentada a notificación ao interesado ou representante por parte da administración tributaria ou entidades e corporacións de dereito público ás que lles corresponde a súa recadación, esta non fora posible.*

- g) *Os anuncios urxentes das administracións públicas que se poidan ou deban publicar ademais nun diario, segundo disposición legal ou regulamentaria.*

*Para estes efectos, consideraranse anuncios urxentes os que se definan como tales na Ordenanza reguladora do Boletín Oficial da Provincia da Coruña e nas súas disposicións de desenvolvemento.*

## **Artigo 7. - Bases de imposición e tipos de gravame**

*A base impoñible determínase pola cantidade de caracteres (carácter tipográfico incluído os espazos en branco) e/ou espazo das imaxes do texto que se ha publicar e o modo de remitir o texto orixinal.*

*- TARIFA: Publicación de anuncios ou documentos diversos:*

*1. - Inserción de textos remitidos con sinatura electrónica. Anuncios publicados con carácter urxente:*

*A- Importe por carácter: 0,0746 euros/carácter.*

*B- Imaxes: 0,4344 €/cm<sup>2</sup>*

*2. - Inserción de textos remitidos con xustificante electrónico. Anuncios publicados con carácter urxente:*

*A- Importe por carácter: 0,0746 euros/carácter.*



*B- Imaxes: 0,4344 €/cm<sup>2</sup>*

*3. - Inserción de textos remitidos en papel. Anuncios publicados con carácter urgente:*

*A- Importe por carácter: 0,1066 euros/carácter.*

*B- Imaxes: 0,6206 €/cm<sup>2</sup>*

*Estas tarifas enténdense sen prexuízo da repercusión legal que, no seu caso, deba realizarse polos impostos indirectos que graven a prestación do servizo ou acto suxeito.*

**2º.-** Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

**3º.-** Segundo o artigo 17.3 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, finalizado o período de exposición pública adoptárase o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións que se presenten e aprobarase a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente aprobado o texto da ordenanza, sen necesidade dun novo acordo plenario.

**4º.-** A ordenanza comezará a rexer:

a) Se non se producen reclamacións contra esta, unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

b) Se se producen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto 2/2004 do 5 de marzo.”

**12.-APROBACIÓN DE MODIFICACIÓNS DO CADRO DE ACTUACIÓNS DA 1ª, 2ª, 3ª ANUALIDADE E APROBACIÓN DO USO DE BAIXAS ECONÓMICAS NA ADXUDICACIÓN POR CONCURSO DE ACTUACIÓNS DA 4ª ANUALIDADE DO PDT DE PORTODEMOUROS.**

## INTERVENCIONES

Sra. Vázquez Mejuto

Presidente, deputados e deputadas, bos días. Neste punto xa na Comisión o Grupo Popular da Deputación fixo unha serie de preguntas en relación a el, sobre todo para saber e ser coñecedores de primeira man de se se estaban realizando reunións periódicas con distintos alcaldes, en concreto con once alcaldes, que forman parte deste destino turístico. Díxosenos que desas reunións había unha Comisión de Seguimento e que se facía alcalde a alcalde, entendendo nós que cando se crea un destino turístico e hai unha interrelación entre dous entes, que é o local e o autonómico, e os fins son a mellora da calidade turística e, polo tanto, que repercuta positivamente no que é a parte económica, debería de haber unha interrelación directa e continua e polo menos realizar reunións periódicas cada seis meses, ou polo menos, cada ano.

Visto isto puxémonos en contacto con distintos alcaldes e, se ben este punto de destino turístico naceu un pouco cunha espiña aí cravada dos alcaldes pensando en se se ían cumprir ou non os obxectivos, agora decatámonos en que non se están acadando, e non se están acadando porque falamos dun territorio onde se levaba moitos anos traballando a través do programa Leader Portodemouros e onde, desde un principio, informouse a esta Deputación e á Comisión de que ía seguir este punto de destino turístico, que era moito mellor sentarse, reunirse e ir avanzando e non ir para atrás.

Ao final os resultados eu creo que non son os desexables e, se ben a nosa intención era de abstermos neste punto, despois de ver os informes que por parte dos distintos alcaldes lle queran remitir ao presidente, temos que votar en contra, e temos que votar en contra porque vemos que hai obras da primeira anualidade que aínda non comezaron a execución, a pesar de que na información que se nos remite ao Grupo Popular pon “en execución”, non, hai obras que están licitadas, pero que aínda non se puxo a súa primeira obra, hai concellos que incluso algún estaba sorprendido porque descoñecía absolutamente todo, e non digo que non haxa cousas feitas, que seguramente que as haxa, pero que non houbo esa coordinación e non se están acadando os obxectivos debidos, e como exemplo traio esta guía, que foi publicada, onde se investiron miles de euros e onde creo que unha institución como a Deputación non pode cometer certos erros, e só a ollei un pouco por riba, como non poñer o título a pé de foto. Entón, podemos ver aquí algo que, igual para a xente que vén de fóra porque é un destino turístico, cre que é San Antolín de Toques e eu diría que é Santa María de Sobrado. Isto todo non ocorrería se antes houbo unha reunión cos alcaldes e se visualizase antes de facer certas edicións.

Poderíame centrar no tema de Melide, que é o que eu máis coñezo, serían 120.000 euros nunha actuación no río Furelos, e no día de hoxe esa actuación aínda non se comezou, estamos falando de que imos pola cuarta anualidade. Entón tampouco cremos que se poida dicir que non hai os permisos pertinentes, porque para iso había

unha xerencia, para iso avaliáronse os proxectos e se unha actuación de 120.000 euros pasan 3, 4 anos e aínda non se comezou, se nos paramos a ver o que é todo o plan, deixa bastante que desexar.

Estes son simplemente os motivos que o Grupo Popular pon enriba da mesa para poñer e dar o seu voto en contra, reiterando que a nosa intención era de abstención, pero visto o descontento xeneralizado de moitos alcaldes, ten que ser un voto en contra.

Sr. presidente

É obvio que todas as cousas son mellorables. En primeiro lugar, eu descoñezo ese malestar, non houbo ningún alcalde ou alcaldesa que se dirixise a min como vicepresidente, ou como presidente da Comisión do Plan de Seguimento de Terras de Ulla e Tambre, que me manifestase nada, en primeiro lugar direi que son descoñecedor diso.

En segundo lugar, apunta vostede na súa intervención algunhas cousas das que eu tomo nota, e que seguramente hai que mellorar, pero tamén apunta vostede na súa intervención algunhas cuestións que, se quere, podemos comentalas máis polo miúdo, no sentido de que é verdade, ben, en primeiro lugar que se fixo un Plan director onde se atenderon todas as peticións que fixeron os diferentes alcaldes e alcaldesas e que iso se está cumprindo, é dicir, todas as peticións que se fixeron vanse ir cumprindo aos poucos. É verdade que hai concellos que o seu compromiso era e é o de entregar o proxecto e as autorizacións, e en moitos casos tivemos que ser nós mesmos desde a Deputación e tivo que ser a xerencia quen estivo tamén tratando de conseguir esas autorizacións, cando eran os propios concellos os que deberían de conseguilas e facilitalas.

Permítame que lle diga o que lle dicía ao principio. Eu creo que todas as cousas son mellorables, que hai cousas que están indo nese plan bastante ben, hai outras actuacións, e eu compártooo con vostede, que van con certa demora, algúns atribuíbles seguramente á Deputación e á xerencia, pero outros tamén atribuíbles aos concellos, porque un pouco o seu compromiso, así como o noso compromiso era a achega económica, o compromiso dos concellos era a entrega dos proxectos e de todas as autorizacións, e nalgúns casos fíxose con máis dilixencia e noutros fíxose con menos.

En todo caso, volvo a repetirlle, eu descoñecía iso que vostede comenta, e por suposto que me poñerei en contacto con todos os alcaldes e alcaldesas para ver cales son esas queixas para que as manifesten, e todo o que se poida arranxar, por suposto, pola miña parte tratarei de que se arranxe e que se lle dea solución, e que recollo con interese todo o que me comenta.

Sra. Vázquez Mejuto

No nome dos alcaldes agradezo, presidente, que así se faga, eu supoño que, se non directamente, pola xerencia indirectamente tivo que recibir esas queixas, e poño un

exemplo que é o modelo de aproximación á calidade turística, o MAC, a zona Portodemouros foi unha das primeiras, pioneira, en ter as casas de turismo rural a Q de calidade, se sobre iso xa se informou no seu día, eu estaba nesa reunión, é ilóxico que esas mesmas casas que teñen a Q de calidade, remítaselles para que vaian a un curso que é de aproximación á calidade turística, porque parece que lles estamos tomando un pouco o pelo. Entón, estiveron varios meses facendo uns cursos, tiveron que implementar unha serie de cambios tremendos, e de repente ímoslles cunha cousa que para eles é minúscula, e iso repercute negativamente non só na Deputación, senón tamén no que son os alcaldes.

Entón, o noso agradecemento por iso e seguramente, presidente, vaise levar, se non o coñece, vaise levar sorpresas porque eu nunha pequena reunión que tiven no día de onte xa me mandaron folletos coma estes onde chama a atención ver o que neles se redacta e que ademais non me vou poñer a ler aquí, pero que si lle podo dar cumprida información.

Sr. presidente

Reitero no que lle dicía anteriormente, e en todo caso no que novamente volve a apuntar, dírelle que o apuntarse a eses cursos non era obrigatorio, era libre, era unha oferta que se facía desde o plan e quen se apuntou foi porque quixo, se xa se atopaba, por dicilo dalgunha maneira, nun chanzo máis elevado, non tiña a obriga de ir e o que se pretendía era iso que xa existía, e eu quero felicitar ás casas de turismo rural porque xa o teñan, era estender ese modelo de calidade para outras instalacións de carácter hoteleiro ou de restauración, que non o tiñan, ou outro tipo de instalacións, repetíronse, non era obrigatorio, iso é unha cuestión á que un se apuntaba porque quería, non era obrigatorio.

En todo caso, volvo a repetirlle, eu por suposto estou aberto a comentar todas esas cousas que vostede me di, e acelerar todas esas cuestións que poidan ir con certa demora, non lle podo dicir outra cousa, máis nada, e espero ademais convencela para que varíe o seu voto e se absteña ou vote afirmativamente. Máis nada.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados (10 do PSOE e 6 do BNG)

Votan en contra: 11 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar a modificación dos cadros de actuacións da primeira, segunda, terceira e o uso de baixas económicas na adxudicación por concurso de actuacións da cuarta

anualidade do Plan piloto de mellora da calidade turística de Portodemouros, segundo o acordado pola Comisión de Seguimento do convenio na sesión do 25-03-09.

RIMEIRA ANUALIDADE				
	ACTUACIONES	Estado	Orzamento Final	Orzamento Pendente de gasto
Nº	Proxecto			
1	Xerencia do plan (2007)	Executado	54.000,00	
2	Ordenadores para ptos. de informac. turística	Executado	7.680,00	
3	Impresoras para ptos de informac. turística	Executado	3.600,00	
4	Obras de adecentamto. e acondicionamto. de ptos. de informac. Turística		16.381,20	
4.1	<i>Centro de Interpretación do Pico Sacro</i>	Executado	13.206,28	
4.2	<i>Punto de Información Turística de Vedra</i>	Executado	3.174,92	
5	Mobiliario para ptos. de informac. Turística	Executado	17.000,00	
6	Climatización para ptos. de informac. turística	Executado	11.593,57	
7	Decoración de ptos. de informac. Turística	Executado	4.176,00	
8	Ptos. de informac. turística interactivos		38.689,91	
8.1	<i>5 uds</i>	Executado	32.241,59	
8.2	<i>6º ud. (ampliación de contrato)</i>	Executado	6.448,32	
9	Imaxe de marca e manual de identidade corporativa	Executado	13.862,00	
10	Plan de calidade MACT (1ª fase)	Executado	19.730,43	
11	Valorización de recursos turísticos	Executado	9.750,00	
14	Deseño, elaboración e mantemento de páxina web	Executado	13.670,00	
15	Guía gastronómica	Executado	12.000,00	
16	Exposición museística do Pico Sacro	Executado	18.861,60	
17	Estudo para a sinalización integral do destino	Executado	14.000,00	
18	Barcas fluviais do río Ulla	En execución	27.840,00	
19	Actuación na praia fluvial do río Furelos (Melide) 1ª fase	Pendente de licitación	15.325,79	15.325,79
20	Difusión e promoción 1		1.839,50	632,96
20.1	<i>Material degustación FITUR (carteis cartón pluma e portamenús)</i>	Executado	507,94	
20.2	<i>Reedición de posters gastronómicos</i>	Executado	600,00	
20.3	<i>Renovación de dominios</i>	Executado	98,60	
	<b>Total €</b>	<b>300.000</b>	<b>300.000,00</b>	<b>15.958,75</b>

SEGUNDA ANUALIDADE				
	ACTUACIONES		Orzamento final	Orzamento pendente de gasto
Nº	Proxecto	Estado		
1	Xerencia do plan (2008)	Executado	54.000,00	
2	Sinalización direccional e interpretativa	En execución	46.496,66	
3	Series didácticas do centro de divulgación do queixo e do mel		17.902,00	
3.1	<i>Compilación de información e material etnográfico e elaboración do proxecto museográfico para o centro de divulgación do queixo e do mel</i>	Executado	11.000,00	
3.2	<i>Execución do proxecto Museográfico</i>	Executado	6.902,00	
4	Elaboración de audiovisuais didáctico-promocionais do queixo e do mel	Executado	25.000,00	
5	Páxina web do centro de divulgación do queixo e do mel	Executado	6.902,00	
6	Imaxe corporativa e papelería do Ctro. de Divulgac. do queixo e do mel	Executado	3.445,00	
7	Instrumental para o Centro de divulgación do queixo e do mel	Executado	7.456,16	
7.1	<i>Instrumental para exposic.</i>	Executado	3.956,16	
7.2	<i>Papelería para o Centro de Divulgac. do queixo e do mel.</i>	Executado	3.500,00	
8	Estudo, deseño e proxecto da rede de sendeiros	Executado	19.600,00	
9	Rede de sendeiros (1ª Fase)		41.414,82	
9.1	<i>Caseta de información turística en Boimorto</i>	Executado	19.837,74	
9.2	<i>Material promocional de sendeirismo</i>	Executado	11.035,00	
9.3.	<i>Microweb site para a promoción das rutas de sendeirismo e cicloturismo</i>	Executado	7.062,08	
9.4	<i>Acto de presentación do Plan e promoción do sendeirismo</i>	Executado	3.480,00	
10	Plan de calidade MACT (2ª fase)	Executado	11.838,25	
11	Posta en valor do Pico Sacro (limpeza e roce)	Executado	54.000,00	
12	Comunicación e promoción	Executado	5.965,00	
13	Actuación na praia fluvial do río Furelos 2ª fase	Pendente de licitación	38.528,74	38.528,74
14	Difusión e promoción 2		3.938,00	3.636,26
14.1	<i>Presentación do Centro de interpretación do Pico Sacro</i>	Executado	301,74	
15	Formación e dinamización do empresariado turístico		13.513,37	13.513,37
	<b>Total €</b>		<b>350.000,00</b>	<b>350.000,00</b>
				<b>55.678,37</b>

TERCEIRA ANUALIDADE

ACTUACIONES		Estado	Orzamento final	Orzamento pendiente de gasto
Nº	Proxecto			
1	Xerencia do plan	En execución	54.000,00	
2	Paseo fluvial no río Portapego	En execución	89.375,97	
3	Albergue turístico no Concello de Toques	En execución	107.393,96	
4	Adaptación a discapacitados de puntos de información turísticos multimedia	Executado	6.010,66	
5	Difusión e promoción		34.280,07	34.239,56
6	Formación e dinamización do empresariado		8.939,34	8.939,34
<b>Total €</b>			<b>300.000,00</b>	<b>43.178,90</b>

### USO DE BAIXAS ECONÓMICAS NA ADXUDICACIÓN POR CONCURSO DE ACTUACIÓN DA CUARTA ANUALIDADE

As baixas producidas na adxudicación de concursos da 4ª anualidade poderanse utilizar para financiar accións de comunicación e promoción, sen necesidade de celebración de Comisión de Seguimento pero coa debida información a este órgano. A unidade xestora do plan poderá por tanto imputar gastos de comunicación e promoción ás actuacións nas que a consecuencia das baixas económicas exista orzamento pendente de gasto.

Respecto á actuación nº6, Xerencia, os membros da Comisión de Seguimento observan que, debido á complexidade administrativa e técnica das actuacións previstas, pode ser necesaria a ampliación dos servizos da xerencia durante o primeiro semestre de 2010, no caso de que existan actuacións inconclusas e debido ás actividades promocionais e institucionais de cerre do Plan de mellora. Con esta finalidade, establécese mediante ACORDO da Comisión de Seguimento que as baixas económicas producidas na adxudicación de concursos da 4ª anualidade poderanse utilizar para financiar os servizos de xerencia, sen necesidade de celebración de Comisión de Seguimento pero coa debida información a este órgano. A unidade xestora do plan poderá por tanto imputar o gasto do servizo de xerencia correspondente ao primeiro semestre de 2010, ata un total de 27.000 € (equivalente a 6 meses de servizo, xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio e xuño) a aquelas actuacións nas que a consecuencia das baixas económicas exista orzamento pendente de gasto.”

Todas as actuacións citadas son financiadas con cargo á partida 0305 751A 62802, proxecto 2007 3 80010 3 1.”

### 13.-APROBACIÓN DA 1ª FASE DA ANUALIDADE 2009 DO PROGRAMA DE MELLORA DA CALIDADE TURÍSTICA DA ZONA DO EUME.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1º.-Aprobar a 1ª fase da anualidade 2009 do Programa de mellora da calidade turística da zona do Eume. A relación de investimentos contidos nesta anualidade o detalle das obras e servizos a executar en cada concello, quedan establecidos nos termos incorporados no presente cadro.

Concello	Código	Actuación	1ª Fase		Total
			anualidade 2009		
			Deputa.	Conc.	
Vilarmaior	09.4700.0004.0	1º Reparación da cuberta da igrexa parroquial de San Pedro de Grandal	32.932,90	0,00	32.932,90
	09.4700.0005.0	2º Reparación de fontes e lavadoiros de Goimil, Liñares e Eirexa	56.554,74	3.590,99	60.145,73
TOTAL			89.487,64	3.590,99	93.078,63

2º.- A contratación das obras e servizos incorporados na relación da anualidade 2009 do programa delégase nos concellos respectivos conforme aos seguintes criterios:

A contratación da obras farana os respectivos concellos por delegación da deputación, e deberán realizala antes do día 30 de marzo do ano seguinte á aprobación do programa. Non obstante, este prazo poderase ampliar mediante resolución de Presidencia, previa solicitude motivada do concello.

A contratación realizarase de acordo coa Lei 30/2007 do 30 de outubro de contratos do sector público, utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobadas expresamente por esta deputación.

Excepcionalmente, as obras poderán ser executadas pola propia administración de acordo co establecido no artigo 24 da devandita norma.

As baixas que se produzan no programa destinaranse a minorar a achega voluntaria municipal que se realice ata anular, se for posible, a dita achega. En caso de que a actuación non teña achega municipal a baixa destinarase a minorar a achega provincial da correspondente actuación.

Unha vez adxudicadas as obras e/ou as actuacións de investimento deberá remitirse á esta deputación a seguinte documentación:



- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos.
- Listado de obras e investimentos con datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo anexo II.
- Documentación xustificativa da elección do procedemento e forma de adxudicación, xustificación da publicidade da licitación, relación de ofertas cos seus respectivos importes, aplicación dos criterios de adxudicación e informes técnicos xustificativos das valoracións aplicadas ás ofertas presentada

No caso de seren executadas pola propia administración, deberá presentarse o informe do secretario do concello no que se indique cal dos suposto é de aplicación ao caso concreto, dos contidos no artigo 24 da citada Lei 30/2007 de contratos do sector público.

A xustificación da realización dos investimentos efectuarase polos respectivos concellos presentando a certificación de execución das obras.

En caso de adquisición de equipamentos a xustificación efectuarana os concellos presentando a certificación do acordo polo que se aprobou a adquisición do equipamento, xunto coa copia, en caso de ben inmovible, da escritura pública de adquisición e no resto dos casos a certificación da aprobación da factura e demais documentos xustificativos polo órgano de Contratación. Así mesmo achegarase a certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do concello e, no seu caso, acreditación da inscrición rexistral a prol deste.

O libramento ao concello do importe da achega provincial realizarse á vista das certificacións das obras remitidas polo concello, que haberán de presentar no modelo oficial existente na deputación, e que figuran a súa páxina web, debidamente aprobadas polo concello e por triplicado exemplar. Procurarase que as certificacións sexan dun importe non inferior a 6.000 €, salvo na última certificación.

A deputación transferirá ao concello o importe correspondente aos investimentos realizados, previa verificación da adecuación das certificacións ao proxecto aprobado no programa.

Coa primeira certificación deberá xuntarse as dúas fotografías onde se reflecta o propio cartel, conforme ao modelo establecido, e a súa colocación na obra.

Ao remate da obra, coa última certificación de execución, deberase achegar a correspondente acta de recepción.

Coa última certificación terá que acompañarse a certificación expresa do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento da obra, ou no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a execución da obra, que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

O concello deberá comunicarlle á deputación a data na que estea prevista a celebración da recepción da obra, posto que esta deputación ten previsto acudir a algúns dos anteditos actos de recepción para verificar a correcta execución da obra.

Con carácter previo ao pagamento da achega provincial, deberá acreditarse que o concello está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. En todo caso, se o concello tivese débedas vencidas, líquidas esixibles por ingresos de dereito público provincial, autorízase á deputación para que o pagamento da súa achega sexa por compensación.

3º O financiamento das achegas provinciais ás obras será imputado á partida 0305/751.A/762.01 do vixente presuposto da Corporación. O presuposto total da achega provincial á 1ª fase da anualidade 2009 ascende polo tanto a 89.487,64 euros.

4º Dispoñer a exposición pública da 1ª fase da anualidade do plan 2009 mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que poidan presentarse alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non se presente ningunha.

6º.- Facultar ao presidente para canto proceda tocante á xestión do presente acordo".

#### **14.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DA RÚA TÍO PAZ E DA RÚA CANIDO” DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, INCLUÍDA NO PLAN DE INVESTIMENTOS LOCAIS 2005. CÓDIGO 05.3200.0118.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar o proxecto técnico reformado da obra denominada “Acondicionamento da rúa Tío Paz e da rúa Canido” do Concello de Malpica de Bergantiños, incluída no Plan de investimentos locais (PIL) 2005 (Código 05.3200.0118.0.), que foi aprobada na sesión plenaria da deputación do día 22 de decembro de 2005, cun presuposto de contrata de 50. 376,84 euros, xa que introduce algunhas modificacións nas actuacións previstas no proxecto técnico inicial, con motivo da supresión das obras da rúa Canido e máis por xurdir necesidades durante a execución na rúa Tío Paz que esixen melloras no sistema de pavimentos, pero sen alterar o orzamento total da obra nin o orzamento do plan no seu conxunto.”

<b>Código</b>	<b>Concello</b>	<b>Denominación</b>	<b>Deputación Fondos propios</b>	<b>Presuposto total</b>
2005.3200.0118.0	Malpica de Bergantiños	Acondicionamento rúa Tío Paz e rúa Canido	50.376,84	50.376,84

## **15.-APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CESIÓN DO LOCAL COMERCIAL SITUADO NA RÚA MATADOIRO, 68, DO CONCELLO DA CORUÑA PARA A CREACIÓN DUN ESPAZO DIRIXIDO Á MOCIDADE E A ENTIDADES DE ACCIÓN VOLUNTARIA E SOLIDARIA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1º. Aprobar definitivamente o expediente de cesión de uso do local situado en rúa Matadoiro 68, cuxa descrición figura no informe remitido polo Servizo de Arquitectura, para a súa cualificación como ben patrimonial. En concreto a superficie de cesión de uso é a seguinte:

Superficie construída 281 m<sup>2</sup>

Planta baixa 158 m<sup>2</sup>

Planta alta 123 m<sup>2</sup>

2º. As condicións de cesión de uso son:

1) En tanto estea vixente a autorización de cesión de uso dos locais, os gastos de teléfono, gas, auga e enerxía eléctrica correrán a cargo do cesionario. Así mesmo, os gastos derivados da comunidade de propietarios (derramas, gastos de comunidade, etc) correrán a conta do cesionario,

2) Calquera obra de conservación ou mellora no edificio deberá ser comunicada con carácter previo ao seu inicio á Deputación provincial.

3) O IBI e demais cargas tributarias correrán a conta do Concello da Coruña.

4) O local cuxa cesión de uso se autoriza utilizarao o Concello da Coruña exclusivamente para os fins obxecto da cesión de uso.

5) A Deputación, en calquera momento e en función das necesidades para fins provinciais, poderá deixar sen efecto a autorización de cesión de uso cun aviso previo de tres meses sen dereito a indemnización ningunha.

A propiedade do local en cuestión seguirá sendo en todo momento desta Excm. Deputación provincial, sen que en ningunha forma a presente cesión sexa causa habilitadora da adquisición da propiedade a favor do Concello da Coruña.

6) O Servizo de Patrimonio e Contratación, por si ou a través doutros Servizos Técnicos da Deputación (Arquitectura, Enxeñería e Mantemento, etc.) poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible.

3º. Causas de reversión da cesión de uso:

1) O cumprimento do prazo de cesión de uso.

2) O incumprimento de calquera das condicións de cesión de uso establecidas e, en especial, as seguintes:

- Non ter as medidas de insonorización, acondicionamento e todas aquelas que sexan necesarias para evitarlles aos veciños molestias no cumprimento da normativa de protección ambiental en materia de rúidos
- Deixar de prestar as actividades que constitúen o obxecto da cesión de uso
- Prestar inadecuadamente tales actividades.
- A autorización da realización de obras no inmovible sen a autorización da Deputación.
- O incumprimento pola entidade cesionaria do uso do deber de conservación do inmovible.

4º. O prazo de cesión de uso do local será de catro anos contados desde a súa entrega por parte da Deputación, prorrogable antes da súa finalización por igual período. Transcorrido o devandito prazo o local cedido en uso reverteralle ao patrimonio da Deputación.

A Deputación, en calquera momento e en función das necesidades para fins provinciais, poderá deixar sen efecto a autorización de cesión de uso cun aviso previo de tres meses.

5º. Facultar ao presidente para a execución do presente acordo e, no seu caso, para a firma dos convenios ou documentos que requiran a súa aplicación efectiva.”

## **16.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A CESIÓN DE USO DE ESPAZOS DO ANTIGO COLEXIO A MILAGROSA Á UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA IMPARTIR OS ESTUDOS UNIVERSITARIOS DE RELACIÓNS LABORAIS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1º. Aprobar o Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para a cesión de uso de espazos do antigo colexio A Milagrosa á Universidade para impartir os estudos universitarios de Relacións Laborais.

2º. Facultar o presidente para a formalización do presente convenio.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A CESIÓN DE USO DE ESPAZOS DO ANTIGO COLEXIO A MILAGROSA Á UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA IMPARTIR OS ESTUDOS UNIVERSITARIOS DE RELACIÓNS

## LABORAIS

Número /2009

A Coruña, de dous mil nove

## REUNIDOS

Dunha parte, o Ilmo. Sr. don Salvador Fernández Moreda, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral, don José Luis Almu Supervía

E

Doutra, o Excmo. Sr. don José María Barja Pérez, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña

## EXPOÑEN

A Deputación Provincial da Coruña é propietaria do edificio onde se situaba o antigo Colexio A Milagrosa e actualmente o Instituto Puga Ramón. O 8 de marzo de 2004 a Deputación e a Universidade formalizaron un convenio para a cesión de uso de espazos do antigo Colexio A Milagrosa, modificado por convenio o 11 de outubro de 2004, para impartir estudos universitarios de relacións laborais.

A Universidade da Coruña precisa seguir dispoñendo dos citados espazos para atender as necesidades da Escola de Relacións Laborais. No propósito por parte da Deputación Provincial da Coruña de colaborar coa Universidade, facilitando o cumprimento das súas fins e necesidades e de conformidade co respecto mutuo aos ámbitos competenciais que corresponden a cada unha das partes, segundo o ordenamento xurídico vixente, aproban este acordo de colaboración que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto

A Deputación Provincial da Coruña autoriza á Universidade da Coruña a usar, con carácter gratuíto, os espazos que se describen a seguir na á norte do antigo Colexio da Milagrosa

Superficies	Prezo	Total
Planta baixa: 790,14 m <sup>2</sup>	1.792,00 m <sup>2</sup>	1.415.930,88€
Planta alta: 338,44 m <sup>2</sup>	1.792,00 m <sup>2</sup>	606.484,48 €
		2.022.415,36 €

O uso do local será compartido pola Deputación e a Universidade da Coruña, compatibilizando as necesidades de ambas institucións.

### **Segunda.- Obrigas do cesionario**

A Universidade da Coruña utilizará os espazos, cuxos usos se autorizan exclusivamente, para impartir ensinanzas universitarias da Escola de Relacións Laborais ou servizos complementarios vinculados á dita escola (oficinas, salas de seminarios, biblioteca, salas para profesores, zonas de arquivos, etc.)

As obras de acondicionamento que a Universidade precise realizar para axeitar os espazos que utilizará ás fins sinaladas, serán realizadas por conta da Universidade, previo coñecemento e aprobación da Deputación provincial.

Entrementres estea vixente a autorización de uso dos locais, os gastos de funcionamento dos espazos utilizados pola Universidade e os de mantemento, así como calquera outro (teléfono, gas, auga, luz...), correrán por conta da universidade.

### **Terceira.- Prazo de cesión de uso**

A autorización de cesión de uso realizarase por un período máximo de catro anos, a partir da data de formalización do presente convenio, se ben poderá prorrogarse expresamente por outros dous anos, a solicitude razoada da Universidade.

Non obstante, en calquera momento a Deputación, e en función das súas necesidades, poderá deixar sen efecto a autorización de uso, cun aviso previo de seis meses.

### **Cuarta.- Natureza xurídica**

O presente convenio ten carácter administrativo, polo que quedarán as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver as cuestións litixiosas que en aplicación do presente convenio se susciten entre as partes.

Faise constar que este convenio foi aprobado en sesión plenaria que tivo lugar o .....  
.....

E en proba de conformidade, ambas partes asinan o presente convenio por exemplar cuadriplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL

O REITOR DA UNIVERSIDADE  
DA CORUÑA

Salvador Fernández Moreda

José María Barja Pérez

**17.-APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DA PARCELA 101-A DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SABÓN-ARTEIXO E APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE CESIÓN DE USO DA PARCELA 101-A DO POLÍGONO DE SABÓN AO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR (XUNTA DE GALICIA), PARA SER DESTINADA A GALESCOLA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1º. Aprobar definitivamente o expediente de alteración de cualificación xurídica da parcela 101-A que figura no Inventario de bens da Deputación da Coruña como ben de dominio público cuxa descrición figura no plano remitido polo Servizo de Arquitectura para a súa cualificación como ben patrimonial.

2º. Aprobación inicial do expediente de cesión de uso da parcela 101 A do Polígono Industrial de Sabón - Arteixo ao Consorcio Galego de Servizos e Igualdade e Benestar para a construción dunha galescola.

1) A valoración do ben, de acordo co informe emitido polo Servizo de Arquitectura, do 11 de novembro de 2008 ascende a 1.650.000 euros.

A descrición da parcela 101-A do Polígono de Sabón figura no Inventario de bens da Deputación (epígrafe 1.1.- Inmubles urbanos, número 39), de acordo co informe emitido polo Servizo de Arquitectura, é a seguinte:

"Segundo a referencia catastral do inmovible 0771401NH4907S0001DT, a superficie é de 7545,00 m<sup>2</sup> no prego que rexe o procedemento de poxa da parcela 101-A, con data do 22 de xuño de 1968, indícase textualmente: "Superficie: cinco mil metros cadrados, (5.000 m<sup>2</sup>), sen prexuízo da comprobación que no seu día se verifique cando estea terminado o encoro e coñézanse as cotas máis altas da auga embalsada". Dado que existen variacións importantes entre os distintos datos de superficies achegados, no plano adxunto do levantamento topográfico realizado polo Servizo de Infraestruturas e Conservación delimitouse a superficie existente entre os peches das parcelas limítrofes, a parcela interior da gabia da estrada e a parte superior do noiro que limita co encoro, que supón 4.912,19 m<sup>2</sup>. Ante a similitude coa superficie do prego de poxa, suponse correcta esta última"

2) A cesión de uso outórgase coa finalidade exclusiva destinada a galescola, que deberá

estar finalizada e en uso no prazo de cinco anos desde a entrega da posesión, transcorridos os cales sen terse iniciado a actividade reverteralle a parcela a esta Excma. Deputación, para o que será suficiente coa acta notarial expresiva de que o Consorcio Galego de Servizos e Igualdade e Benestar, por requirimento notarial, non puido xustificar o efectivo funcionamento da galescola.

3) O prazo de cesión de uso da parcela será de trinta anos contados desde a súa entrega por parte da Deputación, reverteralle á Deputación con todos os edificios e accesorios.

4) O pago de taxas, contribucións, impostos e demais tributos que se devenguen da cesión de uso da parcela serán por conta do Consorcio Galego de Servizos e Igualdade e Benestar.

5) O Consorcio Galego de Servizos e Igualdade e Benestar asumirá todos os custos de conservación e mantemento.

6) Así mesmo, correrán por conta do Consorcio Galego de Servizos e Igualdade e Benestar todos os impostos que afecten á parcela en tanto estea sendo utilizado polo Consorcio Galego de Servizos e Igualdade e Benestar.

A propiedade da parcela en cuestión seguirá sendo en todo momento desta Excma. Deputación provincial, sen que en ningunha forma a presente cesión sexa causa habilitadora da adquisición da propiedade a favor do Consorcio Galego de Servizos e Igualdade e Benestar.

3º. Expor o citado expediente a información pública durante o prazo dun mes contado desde a súa publicación no BOP para os efectos de reclamacións. Transcorrido o prazo, someterase a consideración do pleno para a resolución de devanditas reclamacións, e , se é o caso, a súa aprobación definitiva

4º. Facultar o presidente para a execución do presente acordo.”

## **18.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA TRAVESÍA NA D.P. 7803 SANTIAGO A FIGUEIRAS PK 3,52 AO 4,00, SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1º) Aprobar o proxecto REFORMADO DE TRAVESÍA NA D.P. 7803 SANTIAGO A FIGUEIRAS PK 3,52 Ó 4,00, SANTIAGO DE COMPOSTELA (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO 0511300007.1) polo seu presuposto de contrata de 287.886,16 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 47.958,55 euros.



2º) Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, *FERORSA PROYECTOS Y OBRAS, S.L.* (B70051354) as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo presuposto de adxudicación de 220.888,16 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 36.797,44 euros.

3º) Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 1.586,10 euros, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando polo tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 9.521,04 euros.”

**19.-APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2009 1ª FASE: DOTACIÓN DE BEIRARRÚAS EN REQUEIXO NA EP 1909 CARBALLO A CAIÓN (CARBALLO).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente O PLAN DE TRAVESÍAS 2009 PRIMEIRA FASE integrado polos proxectos que a continuación se relacionan, cun presuposto total de 51978,85.- euros e que son os que a continuación se detallan:

DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO
DOTACIÓN DE BEIRARRÚAS EN REQUEIXO NA DP 1909 CARBALLO A CAIÓN (CARBALLO) (0911300001.0)	51.978,65
TOTAL	51.978,65

2.- Expoñelo ó público unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentarse reclamacións.”

**20.-APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2009 1ª FASE, SÉTIMA RELACIÓN: MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP 1104 DE BOIRO Á PONTE DE SAN FRANCISCO P.K. 7,050 AO P.K. 8,500. BOIRO (081130018.0).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente O PLAN DE TRAVESÍAS 2008 1ª FASE, SÉTIMA RELACIÓN integrado polos proxectos que a continuación se relacionan, cun presuposto total de 298.778,61.- euros e que son os que a continuación se detallan

DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 1104 DE BOIRO A PONTE DE SAN FRANCISCO P.K. 7,050 Ó P.K. 8,500. BOIRO (0811300018.0)	298.778,61
TOTAL	298.778,61

2.- Expoñelo ó público unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentarse reclamacións.”

**21.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2009, TERCEIRA FASE: MELLORA DA INTERSECCIÓN NA D.P. 3608 P.K. 2+300 BALÓN (FERROL).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1) Aprobar o Plan de VÍAS PROVINCIAIS 2009 TERCEIRA FASE cun presuposto total de 125448,32.- euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0401/511B/61102 e que se detalla.

CÓDIGO	PROXECTO	PRESUPOSTO DE CONTRATA
0911100003.0	MELLORA DA INTERSECCIÓN NA D.P. 3608 PK 2+300 BALÓN (FERROL)	125.448,32
	<b>TOTAL</b>	<b>125.448,32</b>

2) Expoñelo ó público unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentarse reclamacións.

3) Solicitarlle á Xunta de Galicia a declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para a realización das citadas obras, non obstante, con carácter previo, deberá intentarse o mutuo acordo cos afectados.”

**22.-APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2009, 2ª FASE.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1) Aprobar inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2009 2ª FASE cun presuposto total de 2.912.886,76.- euros e que son as que a continuación se detallan

DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO
TRAVESÍA EN PONTE BAXOI A BAÑOBRE E.P. 4801 (MIÑO)	232.290,10
DOTACIÓN DE SENDA PEONIL NA DP 4701 DE CASTRO A ESTRADA DE CURTIS PK 0+000 A 1+000 (MESÍA)	384.899,47
SEGURIDADE VIARIA RENOVACIÓN DE BEIRARRÚAS E ILUMINACIÓN NA DP 3201 AO SEU PASO POLO NÚCLEO DE CURTIS (RÚA EMILIO MARTÍNEZ SÁNCHEZ) (CURTIS)	288.438,58
URBANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL DP 1901 CARBALLO SÍSAMO (FASE I) PK 0+000 AL 0+730 (CARBALLO)	597.398,55
CONSTRUCCIÓN DE SENDA PEONIL NA D.P. 0401 ARES A REDES (ARES)	541.016,27
SENDA PEONIL NA D.P. 2203 DE CEDEIRA A PUNTA CANDEEIRA	407.053,80

CAPELA DE SANTO ANTONIO (CEDEIRA)	
PROXECTO ACTUALIZADO DO DE MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA D.P. 7803 SANTIAGO A FIGUEIRAS-SENDA PEONIL (SANTIAGO DE COMPOSTELA)	461.789,99
TOTAL	2.912.886,76

Esta aprobación inicial ten o carácter de mera programación, que non xera polo tanto ningún compromiso económico nin de execución para a Deputación ata que se acredite que existe o crédito adecuado e suficiente e se aprrobe definitivamente o plan ou a correspondente fase del.

2) Remitir os citados proxectos ós concellos correspondentes para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación á que se refire a base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para a execución dos proxectos que se han incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2008-2011, aprobadas polo Pleno na sesión do día 29-2-2008 (BOP 57/8-3-2008).”

**23.-APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DO CAMBIO DE CUALIFICACIÓN XURÍDICA DE PARTE DA SUPERFICIE DAS PARCELAS 2, 4, 6, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 15A, 17, 19, 19A, 21, 26 E 27 DO PLANO PARCELARIO DA EXPROPIACIÓN DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA EP 3606 DE COVAS A SAN XURXO (0511100008.0) ASÍ COMO PARTE DA PLATAFORMA EXISTENTE.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar inicialmente o expediente de alteración da cualificación xurídica das parcelas que se indican do plano parcelario da expropiación AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA DP-3606 DE COVAS A SAN XURXO (0511100008.0), cuxa descrición figura no plano remitido polo Servizo de Vías e Obras, para a súa cualificación como ben patrimonial:

FINCA	M2 a desafectar	TIPO TERRENO	VALORACION
2	160	JARDIN	3.840,00
4	172	F.CASA	4.128,00
6	499	LABRADIO	11.976,00
12	30	INCULTO	78,00
13	17	INCULTO	44,20
14	26	INCULTO	67,60
15	32	INCULTO	83,20
17	48	MONTE BAIXO	129,60
19	139	MONTE BAIXO	375,30
21	71	MONTE BAIXO	191,70
27	1139	MONTE ALTO	3.075,30
19A	35	MONTE BAIXO	94,50
15A	35	MONTE BAIXO	94,50
8	21	INCULTO	54,60
9	20	INCULTO	52,00
10	11	INCULTO	28,60
11	23	INCULTO	59,80
26	2385	MONTE ALTO	6.439,50
	2807	INCULTO	7.298,20
total	7.670,00	0	38.110,60

2.- Expoñer o citado expediente á información pública durante o prazo dun mes contado desde a publicación no BOP, para os efectos de reclamacións. Transcorrido o devandito prazo someterase á consideración do Pleno para a resolución das reclamacións e de ser o caso a aprobación definitiva.

3.- Facultar o presidente da Corporación para a execución do presente acordo.

4.- Unha vez aprobado definitivamente iniciárase o expediente de cesión da superficie das parcelas indicadas á Demarcación de Costas de Galicia para a execución das obras incluídas no proxecto RESTAURACIÓN AMBIENTAL DAS PRAIAS DE COVIÑA, ESMELLE, VILAR E FRAGATA (FERROL).”

#### **24.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA EP 1004 DO PK 0,00 AO PK 6,00 DE LANZÁ A BOIMORTO, BOIMORTO E MESÍA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1º) Aprobar o Proxecto REFORMADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA D.P. 1004 DO PK 0,00 AO PK 6,00 DE LANZÁ A BOIMORTO, BOIMORTO E MESÍA (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO 05.1110.0003.1) polo seu presuposto de contrata de 854.528,37 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 141.949,28 euros.

2º) Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, *TRANSPORTES Y MAQUINARIA C.P. S.L.* (B-36.193.605) as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo presuposto de

adxudicación de 665.848,51 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 110.606,88 euros.

3º) Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 4.424,28 euros, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando por tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 26.633,95 euros.”

## **25.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA EP 3606 DE COVAS A SAN XURXO, FERROL.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1º) Aprobar o Proxecto REFORMADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA DP 3606 DE COVAS A SAN XURXO, FERROL (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO, 05.1110.0008.1), polo seu orzamento de contrata de 840.485,33 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 139.907,81 euros.

2º) Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo *SAN MARTÍN, S.A.* (A-15.060.148), as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo presuposto de adxudicación de 615.235,26 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 102.412,52 euros.

3º) Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 4.414,33 euros, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando por tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 26.518,76 euros.”

## **26.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA EP 5602, DO PK 0 AO PK 6,360, NEGREIRA Á PONTE NAFONSO, NEGREIRA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1º) Aprobar o Proxecto REFORMADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA D.P. 5602 PK 0,00 A PK 6,360 NEGREIRA A PONTE NAFONSO, NEGREIRA (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO, 07.1110.0016.1), polo seu presuposto de contrata de 2.268.958,58 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 378.057,68 euros.

2º) De conformidade co disposto no art. 8.2 da Lei 25/88 de estradas e 15 da Lei de expropiación forzosa, incluír na relación de bens e dereitos afectados do citado proxecto os que figuran no anexo de expropiacións do proxecto reformado.

3º) Expoñer ao público o proxecto reformado así como a relación de propiedades, bens e dereitos afectados pola execución das obras indicadas, mediante anuncio que se ha publicar no BOP para que dentro do prazo de 15 días poidan facer as alegacións que

consideren oportuno, transcorrido o cal sen que se producisen, considerárase definitivamente aprobado.

- 4º) Condicionar a formalización das modificacións do contrato co adxudicatario do contrato primitivo *CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.* (B-15.293.145) que aplicando a baixa de adxudicación supón un novo presuposto de adxudicación de 1.477.318,94 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 246.153,36 euros, á efectiva dispoñibilidade dos terreos unha vez pagados os depósitos previos correspondentes e consignados na *Caixa Xeral de Depósitos* da *Delegación Provincial de Economía e Facenda* aqueloutros que non foran cobrados polos titulares.
- 5º) Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 49.230,67 euros, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando polo tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 295.463,79 euros.”

## **27.-APROBACIÓN DA DESAFECTACIÓN E PERMUTA DUNHA PARCELA SOBRENTE NA EP 1405.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1º) Aprobar inicialmente o expediente de desafectación da superficie de 811,07 m<sup>2</sup> sobrantes ao modificarse o trazado da D. P. 1405, de Pazos a Leas por Beres, no seu punto quilométrico 3+900.

2º) Publicar no Boletín Oficial da Provincia o anuncio de desafectación do tramo situado no punto quilométrico 3+900 da D.P. 1405, de Pazos a Leas por Beres, abríndose coa dita publicación o prazo de información pública polo prazo dun mes disposto no artigo 8 parágrafo 2º do R.B.E.L.”

Non habendo máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e vinte e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.